

Domingo 27 de enero del 2008

OPINIÓN

[Volver](#)

TRIBUNA

Médico de familia e portavoz da Coordinadora Galega de Médicos de Atención Primaria A sanidade pública precisa serenidade e diálogo

Ramón Veras Castro | 28/1/2008

A atención primaria está en conflito. Nos centros sanitarios temos a sensación de crise permanente e desorde. Empezas a consulta con 30-40 citados e polo medio vanse incorporando urxencias, pacientes dos compañeiros ausentes, chamadas de teléfono doutros pacientes, receitas, informes... Podes recibir un fax ás 12.30 horas para incorporarte ás tres a unha garda obrigatoria ata as oito da mañá seguinte. Para rematar o día sen moito retraso tes que poñer o motor a cen e así non se pode estar a cotío. É insán para os traballadores e para os pacientes.

Queremos poder traballar con calidade e atender aos pacientes co tempo suficiente. Atender a unha persoa maior necesita o seu tempo, primeiro para que se espida e despois para exploralo. Un paciente con depresión precisa máis de dez minutos só para escoitalo. Se queremos facer ben o consello antitabáquico ou facer citoloxías ás mulleres necesitaremos organización e tempo. Para facer receitas basta con dous minutos, para escoitar e atender aos pacientes necesitamos bastante máis. Isto tamén se chama respecto e dignidade profesional. Non aceptamos volver á época dos antigos ambulatorios.

Non é doado xestionar a sanidade coa escaseza actual de profesionais, pero non se fai culpabilizando aos médicos, como fan algún dirixente do Sergas e adláteres, senón con diálogo e evitando discriminacións como as que sofren os profesionais dos PAC. É necesario incentivar tamén a administrativos, enfermería, traballadores sociais..., desburocratizar, dar máis autonomía aos centros para adaptar a organización e contar coa comunidade na que traballamos. Salvo para PAC, non se piden aumentos retributivos, senón unhas condicións de traballo que atraian profesionais no lugar de espantalos.

Non estamos nun conflito político. É certa a mesquindade orzamentaria de anteriores Gobernos, é certa a pobre herdanza recibida, pero este discurso está esgotado. Os investimentos melloraron, pero a consellería ten que espertar e saír do conto de Alicia no país das marabillas.

Na coordinadora nunca decidimos forzar baixas nin negar servizos, pero se non hai acordo, seguiremos o conflito coa tutela da plataforma sindical e cos

instrumentos que temos: peches, manifestacións, folgas e petición de axuda aos cidadáns.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidade local:

Comercializa publicidade nacional:

R.M. de A Coruña: tomo 2438 del Archivo, Sección General, folio 114 vto., hoja C-2141. CIF: A-15000649.